

“



ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

SOBRE O USO DO GALEGO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

DEPARTAMENTO DE ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA

Ricardo Luaces Pazos
Patricio Sánchez Bello
Antonio Vaamonde Liste

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA E LATINA

Xosé-Henrique Costas González

ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart
Paulo Cabral Pedreira

”

CRÉDITOS

Ilustracións

Xosé Lois

Edita

Área de Normalización Lingüística da Universidade a través do Convenio de colaboración en materia de normalización lingüística entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia

Maqueta

conxenia.gal

ISBN: 978-84-8158-768-5

Depósito Legal: VG 119-2018

Universidade de Vigo





ÍNDICE

LIMIAR	9
INTRODUCCIÓN	11
PERFIL DO TRABALLO REALIZADO	13
XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO	15
ANÁLISE LINGÜÍSTICA E SOCIOLINGÜÍSTICA DO PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO	19
2.1. APRENDIZAXE DA FALA, DA ESCRITA E DA LECTURA	21
2.1.1. LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR	21
2.1.2. LINGUA EN QUE APRENDEU A LER	25
2.1.3. LINGUA EN QUE APRENDEU A ESCRIBIR	25
2.2. LINGUA HABITUAL E FRECUENCIA DE USO.....	26
2.2.1. LINGUA HABITUAL	26
2.2.2. FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA	31
2.3. COÑECEMENTO LINGÜÍSTICO	38
2.3.1. GRAO DE DIFICULTADE PARA ENTENDER, ESCRIBIR, LER E FALAR EN GALEGO	38
2.3.2. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ORAL.....	45
2.3.3. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ESCRITO	52
2.4. USOS ORAIS E ESCRITOS DA LINGUA GALEGA.....	56
2.4.1. LINGUA EMPREGADA NAS CLASES.....	56
2.4.2. LINGUA EMPREGADA COS COMPAÑEIROS/AS DO DEPARTAMENTO	57
2.4.3. LINGUA EMPREGADA NAS RELACIÓNS ADMINISTRATIVAS COA UNIVERSIDADE.....	58
2.4.4. LINGUA EMPREGADA NAS XUNTAS DE CENTRO	59
2.4.5. LINGUA EMPREGADA CO ALUMNADO DENTRO DA AULA	59

2.4.6. LINGUA EMPREGADA CO ALUMNADO FÓRA DA AULA	60
2.4.7. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS EXAMES.....	61
2.4.8. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS PROGRAMAS E OS APUNTAMENTOS.....	62
2.4.9. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN	62
2.4.10. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR AS PUBLICACIÓNS.....	63
2.4.11. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS CORREOS ELECTRÓNICOS PARA O ALUMNADO	64
2.5. ACTITUDES E OPINIÓNS	64
2.5.1. OPINIÓN SOBRE O AXEITADO CON RESPECTO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS	64
2.5.4. OPINIÓN SOBRE O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA.....	68
2.5.6. CONSIDERACIÓN DE ESTAR CAPACITADO PARA IMPARTIR AS CLASES EN GALEGO	71
2.5.7. NECESIDADE DE ACTIVIDADES PARA ELIMINAR OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS E FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO	71
2.6. CONSIDERACIÓN DE SER AXEITADO DENDE O SEU PUNTO DE VISTA	72
ANÁLISE LINGÜÍSTICA E SOCIOLINGÜÍSTICA DO PAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.....	79
3.1. APRENDIZAXE DA FALA, DA ESCRITA E DA LECTURA	81
3.1.1. LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR	81
3.1.2. LINGUA EN QUE APRENDEU A LER	83
3.1.3. LINGUA EN QUE APRENDEU A ESCRIBIR.....	84
3.2. LINGUA HABITUAL E FRECUENCIA DE USO.....	85
3.2.1. LINGUA HABITUAL	85
3.2.2. FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA	88
3.3. COÑECEMENTO LINGÜÍSTICO.....	93
3.3.1. GRAO DE DIFICULTADE PARA ENTENDER, ESCRIBIR, LER E FALAR EN GALEGO.....	93
3.3.2. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ORAL.....	98
3.3.3. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ESCRITO	103
3.4. USO ORAL E ESCRITO DA LINGUA GALEGA.....	107
3.4.1. LINGUA EMPREGADA PARA CONTESTAR AO TELÉFONO.....	107
3.4.2. LINGUA EMPREGADA NA ATENCIÓN AO PÚBLICO.....	108
3.4.3. LINGUA EMPREGADA NAS REUNIÓNS informais cos compañeiros/as	108
3.4.4. LINGUA EMPREGADA NAS REUNIÓNS FORMAIS COS COMPAÑEIROS/AS	109
3.4.5. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS ESCRITOS EXTERNOS	110
3.5. ACTITUDES OPINIÓNS.....	111
3.5.1. OPINIÓN SOBRE O AXEITADO CON RESPECTO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS	111
3.5.2. PARTICIPACIÓN EN CURSOS DE LINGUA GALEGA ORGANIZADOS POLA UNIVERSIDADE.....	113
3.5.3. COÑECEMENTO DA EXISTENCIA DO REGULAMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO	115
3.5.4. OPINIÓN SOBRE O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA.....	115
3.5.5. OPINIÓN SOBRE A NECESIDADE DE ACTIVIDADES PARA ELIMINAR OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS E FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO	116
3.6. CONSIDERACIÓN DE SER AXEITADO DENDE O SEU PUNTO DE VISTA	117
ANÁLISE LINGÜÍSTICA E SOCIOLINGÜÍSTICA DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO	123

4.1. APRENDIZAXE DA FALA, DA ESCRITA E DA LECTURA	125
4.1.1. LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR	125
4.1.2. PRIMEIRA LINGUA APRENDIDA A LER.....	128
4.1.3. LINGUA EN QUE APRENDEU A ESCRIBIR	128
4.2. LINGUA HABITUAL E FRECUENCIA DE USO.....	129
4.2.1. LINGUA HABITUAL	129
4.2.2. FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA	134
4.3. COÑECEMENTO LINGÜÍSTICO.....	139
4.3.1. GRAO DE DIFICULTADE PARA ENTENDER, ESCRIBIR, LER E FALAR EN GALEGO	139
4.3.2. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ORAL.....	141
4.3.3. DIFICULTADES PARA EMPREGAR O GALEGO ESCRITO	147
4.4. USO ORAL E ESCRITO DA LINGUA GALEGA.....	151
4.4.1. LINGUA EMPREGADA NAS CLASES.....	151
4.4.4. LINGUA EMPREGADA CUN PROFESOR/A QUE FALA EN GALEGO	153
4.4.5. LINGUA EMPREGADA CUN PROFESOR/A QUE FALA EN CASTELÁN PERO QUE O/A ANIMA A USAR O GALEGO	154
4.4.6. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS APUNTAMENTOS NA CLASE	155
4.4.7. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS EXAMES	156
4.4.8. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS TRABALLOS DE CURSO	156
4.4.9. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS CORREOS ELECTRÓNICOS DIRIXIDOS AO/Á DOCENTE.....	157
4.5.1. OPINIÓN SOBRE O AXEITADO CON RESPECTO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS	157
4.5.2. PARTICIPACIÓN EN CURSOS DE LINGUA GALEGA ORGANIZADOS POLA UNIVERSIDADE	160
4.5.3. COÑECEMENTO DA EXISTENCIA DO REGULAMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO.....	161
4.5.4. OPINIÓN SOBRE O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA.....	162
4.5.5. OPINIÓN SOBRE A NECESIDADE DE ACTIVIDADES PARA FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO (AULAS, RÓTULOS, CARTELARÍA ETC.)	163
4.5.6. LINGUA PREFERIDA PARA QUE SE IMPARTAN AS CLASES	164
4.6. CONSIDERACIÓN DE SER AXEITADO DENDE O SEU PUNTO DE VISTA	164
COMPARACIÓN COA ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA REALIZADA EN 1996.....	171
5.1. PROFESORADO.....	173
5.2. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	177
5.3. ALUMNADO	180
CONCLUSIÓNS	185
6.1. PROFESORADO.....	187
6.2. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	188
6.3. ALUMNADO	189



No momento de redactar estas palabras lembro a presenza, á beira do mar de Vigo, do pergamiño Vindel: testemuña da permanencia da lingua galega no pasado milenio.

O estudo sociolingüístico que aquí se presenta recolle as porcentaxes de uso e das actitudes respecto da lingua na Universidade de Vigo na actualidade, e dá conta da súa evolución nos últimos vinte anos. A avaliación dos datos permitiranos orientar as accións destinadas a incidir na extensión dos usos do galego en todos os ámbitos da comunidade universitaria a medio prazo.

Quero darlles as grazas a todas as persoas que dalgún xeito participaron neste traballo: sen a xenerosidade do profesorado, o persoal de administración e servizos, e do alumnado dificilmente se podería conseguir tal volume de información.

Cada vez dispomos de máis coñecemento, mellores recursos formativos e disposición; a lexislación é proclive ao desenvolvemento de políticas de normalización lingüística e posuímos mecanismos que nos permiten avanzar, a pesar dos obstáculos. Somos moitas as persoas que arelamos vivir nun ambiente en que o plurilingüismo sexa o exemplo de tolerancia e de liberdade, onde o galego conviva con normalidade e sen prexuízos coas demais linguas.

Como membros da institución temos obriga de conservar e de mellorar a bagaxe recibida en herdanza, neste caso a lingua propia do país. Fronte á idea dun futuro abocado ao devalo da nosa lingua, debemos mostrar unha rexa actitude de orgullo e de esperanza. O pergamiño Vindel é un excelente exemplo de continuidade da lingua. Sigámolo.

D. Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo



INTRODUCCIÓN

En 1997 publicouse o *Estudo sociolingüístico da Universidade de Vigo*, froito do traballo realizado durante o curso 1994/1995 entre os distintos sectores da comunidade universitaria, co propósito de obter unha perspectiva da situación da lingua galega na universidade. O interese respondía a tres motivos: ofrecer unha mostra da realidade sociolingüística da institución; detectar as carencias lingüísticas respecto da lingua galega, que permitisen planificar liñas de actuación; e, por último, contar cos datos de coñecemento que a comunidade universitaria tiña dos recursos do Servizo de Normalización Lingüística para optimizar a súa oferta normalizadora.

A Área de Normalización Lingüística editou en 2003 outros dous estudos: un, cos datos obtidos dun cuestionario enviado ao profesorado; o outro, focalizado no sector do alumnado a través da información recollida nas enquisas de matrícula, entre os anos 1993 e 2002. Ambos os dous constituíron a base para diagnosticar a situación do galego na Universidade de Vigo e elaborar o Plan de política lingüística aprobado en 2004.

Quince anos transcorreran do proceso de segregación da Universidade de Santiago de Compostela, culminado coa aprobación dos primeiros Estatutos da Universidade de Vigo. Neles proclamábase o galego como «a lingua da Universidade» e tamén que se arbitrarían «as medidas necesarias para facer normal a utilización do galego en todos os ámbitos da vida universitaria». Abríase unha nova etapa na extensión, prestixio e normalización do uso da nosa lingua.

Este camiño debería ser simultáneo ao das etapas inferiores do sistema educativo, aos medios públicos de comunicación etc. Porén, o resultado non foi o esperado nin a evolución tan lineal, pois moitos son os factores que incidiron no corpo social do país e na fasquía da institución. Tal é así que os avatares políticos, as medidas normativas (aprobación e feble desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega ou o Decreto de plurilingüismo na docencia), as campañas a prol e (incriticamente tamén) en contra, a profunda crise económica, xunto á implantación na Universidade do Plan Boloña foron, ineludiblemente, deixando pegada na situación da lingua.

Somos conscientes de que, con todos os matices, o proceso de substitución lingüística do galego polo castelán continúa. Velaí como exemplos salientables a amplitude da fractura na transmisión familiar da lingua, a reducida presenza nos ámbitos urbanos e a permanencia (e do agromar) de prexuízos, así como o nacemento de novos ámbitos de uso (redes sociais, trebellos electrónicos...) incorporados á nosa realidade.

A nosa institución tamén mudou, e moito, a súa faciana. A aplicación do Plan Boloña, a internacionalización e o pulo do inglés como lingua franca, a extensión dos programas de intercambio etc., abren un novo camiño ao uso de máis linguas. Derivado da aprobación do Plan xeral de normalización da lingua galega constituíuse a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, ambos os dous mecanismos nados para

ter relevancia na promoción do uso do galego nacen pexados pola necesidade dun maior impulso político e pola redución das achegas económicas.

Vinte anos despois da publicación do primeiro estudo é momento de fixarmos un novo punto de control que nos permita enxergar a evolución das actitudes e do uso do galego. A vantaxe de contarmos con algunhas das persoas que desempeñaron un papel relevante xa daquela, caso fundamental dos profesores do Departamento de Estatística e Investigación Operativa, Antonio Vaamonde, Patricio Sánchez e Ricardo Luaces, así como do asesoramento do actual director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, Xosé-Henrique Costas González, quen dirixiu a Área de Normalización Lingüística entre 2006 e 2010, facilitounos considerablemente o labor.

Recoñecemos a necesidade de incorporar novos modelos de estudo que afonden e complementen os datos recollidos. De engadirlle unha perspectiva cualitativa ao estudo cuantitativo, xa a través de grupos de discusión ou de entrevistas directas, porque precisamos comprender aspectos contraditorios. O exemplo máis rechamante témolo na alta porcentaxe de actitudes positivas cara á nosa lingua que logo non implican un aumento do seu uso.

A combinación de circunstancias levounos a tomar a decisión de non deseñar un novo estudo, senón cinguirnos no máximo aos xa existentes. Utilizamos a consulta de 1994/1995 como referencia para os cuestionarios dos tres sectores da comunidade, mentres que a de 2003 sérvenos como ponte na comparación. Deste xeito constatamos a evolución experimentada: interéсанos máis enxergar as tendencias ca reflectir os datos dun momento concreto.

Do mesmo xeito que en 1995, este estudo realizouse a través do Convenio de colaboración que en materia de normalización lingüística veñen asinando a Universidade de Vigo e a secretaría xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia dende hai ben anos.

Velaquí o resultado.

POR FAVOR, INDIQUEME
A LINGUA MATERNA DO NENO!



01

PERFIL DO TRABALLO
REALIZADO

XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO

O obxectivo deste estudo é ofrecer unha perspectiva actualizada sobre a situación da lingua galega na Universidade de Vigo nun conxunto amplo de aspectos de tipo lingüístico, competencial, actitudinal, sociolingüístico e formativo. Con esta investigación trátase de amosar a realidade sociolingüística desta institución no relativo a coñecemento, uso e actitudes sobre o galego.

En primeiro lugar, queriamos levar adiante unha análise da posición social da lingua galega entre os individuos dos distintos sectores universitarios, para obtermos así un perfil sociolingüístico dos diferentes colectivos implicados, que puidera ser comparado cos resultados dun estudo anterior realizado durante o curso 1994/1995. En segundo lugar, cumpría realizar unha análise das carencias lingüísticas con respecto á lingua galega, coñecemento que levará a principiar liñas pertinentes de actuación en materia de formación e dinamización, acordos coa realidade e as necesidades de todos os sectores. Neste aspecto é fundamental analizar as de cada colectivo universitario en concreto, de maneira que nas actividades de promoción da lingua galega se poidan planificar polo miúdo as necesidades dos distintos destinatarios/as. En terceiro lugar, consideramos que cómpren datos actualizados sobre o grao de coñecemento que a comunidade universitaria ten respecto do funcionamento e os recursos da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, de maneira que este servizo optime a súa oferta normalizadora.

Para acadarmos estes obxectivos de investigación, levamos a cabo unha enquisa pechada a profesorado, PAS e alumnado durante o curso académico 2016/2017. A enquisa tivo a seguinte distribución por sectores: 349 docentes, 252 membros do colectivo de persoal de administración e servizos e 1586 alumnos/as.

Nesta enquisa incluímos un conxunto de aspectos concretos, que veremos a continuación, cos cales cubrimos un importante abano de características sociolingüísticas que permiten deseñar unha radiografía da situación da lingua galega, presentar un perfil lingüístico dos colectivos universitarios e tamén discutir as carencias formativas, lingüísticas etc. de cada sector en particular.

Os aspectos incluídos na enquisa foron os seguintes:

1) LINGUA EMPREGADA NA APRENDIZAXE DA FALA, DA LECTURA E DA ESCRITA

A lingua galega estivo secularmente fóra do ámbito da aprendizaxe formal e, polo tanto, a aprendizaxe particular da lectura e da escritura foi realizada maiormente en castelán, mais nas últimas décadas a educación comezou a ser vehiculada en galego e hoxe moitos individuos foron alfabetizados

nela. Cómpre agora, polo tanto, intentar investigar cal é o efecto desas políticas educativas sobre o coñecemento e uso do galego e comparalo con outras épocas pasadas.

As categorías de lingua empregadas neste ítem foron as seguintes: galego, castelán, ambas as dúas e outra lingua.

2) LINGUA HABITUAL E FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA

Consideramos necesario diferenciar entre ambas as dúas categorías. Por lingua habitual pretendemos situar a variedade lingüística á que se adscribe a persoa enquisada, «galego» ou «castelán», aínda que tamén introducimos a resposta «ambas as dúas» e «outra lingua». Por frecuencia de uso da lingua galega pretendemos medir o seu grao de uso con independencia da súa adscripción lingüística. Para iso consideramos catro categorías: «nunca», «ás veces», «regularmente» e «sempre».

3) COÑECEMENTO LINGÜÍSTICO

Neste apartado consideramos cal é o grao de dificultade, manifestado polas propias persoas enquisadas, para entender, escribir, ler e falar en galego. Fixemos unha escala con tres tipos: «ningunha», «pouca» ou «moita» dificultade para cada tipo de coñecemento. Tratamos tamén os diferentes tipos de dificultades manifestados por cada sector para empregar o galego oral e o escrito.

Utilizouse tamén unha escala numérica de cinco puntos (escala de Likert) para medir con máis precisión a importancia de diversos problemas concretos relativos ao coñecemento e á competencia lingüística (descoñecemento da gramática do galego, mala pronuncia, falta de fluidez, descoñecemento do léxico xeral e específico, dúbidas ortográficas etc.). Deste xeito, podemos construír un indicador máis axeitado para comparacións e para medir o grao de acordo en cada un deles.

4) USOS ORAIS E ESCRITOS

Mediante un conxunto de preguntas sobre a lingua empregada oralmente e por escrito tentamos coñecer, con certa profundidade, o nivel de uso do galego nun conxunto de actividades representativas do profesorado, PAS e alumnado.

No profesorado e con respecto ao uso oral, analizamos a lingua empregada nas clases, nas relacións con compañeiros/as de departamento, nas relacións administrativas coa Universidade, nas interaccións públicas en xuntas de centro e co alumnado dentro e fóra da aula. Con respecto aos usos escritos da lingua galega, interrogámoslos sobre a lingua empregada na redacción de exames, na elaboración de programas e apuntamentos, nos correos electrónicos para o alumnado e na redacción de traballos de investigación e publicacións.

Do persoal de administración e servizos (PAS), interesounos coñecer cal é a lingua empregada para contestar ao teléfono, na atención directa ao público, nas reunións formais e nas reunións de tipo informal. Polo que atinxe aos usos escritos, preguntamos pola lingua usada para redactar as notas dirixidas ao público (notas que consideramos externas) e notas de tipo interno e, polo tanto, dirixidas aos compañeiros de traballo.

Nos estudantes e con respecto ao uso oral, interrogamos sobre a lingua empregada nas clases, nas relacións coa administración universitaria, nos actos públicos dentro do centro respectivo (reunións informais, asembleas etc.) e cun docente que fala galego e outro que non, pero que anima o alumnado a facelo. Con respecto á lingua escrita, preguntamos polo uso na redacción de apuntamentos, na redacción dos exames, na redacción de traballos de curso dentro das diferentes materias e para redactar os correos electrónicos dirixidos aos docentes.

Nos tres sectores a escala que empregamos para analizar o uso oral e escrito foi a seguinte: «sempre galego», «maioritariamente galego», «maioritariamente castelán», «sempre castelán» e «outra lingua».

5) ACTITUDES SOCIOLINGÜÍSTICAS XERAIS E OPINIÓNS SOBRE A LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Neste apartado incluímos un conxunto de preguntas que reflicten a opinión dos membros dos tres sectores universitarios sobre o galego nas novas tecnoloxías, o perfeccionamento da formación lingüística en lingua galega e o seu fomento por parte da Universidade de Vigo, o coñecemento da existencia do Regulamento do uso da lingua galega, a opinión sobre o grao de uso da lingua galega e se a institución debería impulsar accións que incrementen a docencia en galego.

Tamén se inclúen no cuestionario diversas afirmacións, como «para falar mal o galego é mellor non falalo»), sobre as que deberán mostrar o seu acordo ou desacordo nunha escala ordinal de cinco puntos.

As diferentes variables do cuestionario cruzáronse con diversos factores como sexo, idade, campus, ámbito científico de coñecemento, lugar de nacemento, categoría docente (no caso do profesorado) ou profesional (no caso do persoal de administración e servizos); deste xeito elaboráronse as correspondentes táboas de continxencia que amosan sempre a variable de interese en filas e o factor explicativo en columnas, coas frecuencias relativas condicionadas por columnas no corpo da táboa, é dicir, coas porcentaxes para cada nivel do factor correspondente. Para cada táboa realizouse o contraste de independencia χ^2 cadrado e amósase o valor de p , que permite decidir se a variable de interese depende ou non significativamente do factor. Cando o valor de p é menor có nivel de significación utilizado (0,05 é o nivel xeralmente máis aceptado), podemos concluír que a variable está relacionada co factor e cando é maior, aceptamos que non existe relación significativa entre eles. Neste último caso, as pequenas diferenzas entre os valores dentro de cada fila débense á variabilidade natural da mostra utilizada e debemos interpretar só as porcentaxes da última columna, correspondentes á mostra total, que podemos considerar válidas tamén para cada nivel do factor.

Para as variables da escala de Likert, con valores de 1 a 5, empregadas para medir a importancia de diversos problemas relativos ao coñecemento e competencia lingüística, calculouse a media, o que permite comparar os distintos problemas (máis importantes cando a media é maior); de xeito orientativo unha media menor que dous indica pouca dificultade e maior que tres moita dificultade

(non hai ningún valor maior que tres nos resultados seguintes). Tamén se presenta o desvío padrón, que mide o grao de acordo ou homoxeneidade dentro do colectivo: se todas as persoas enquisadas están de acordo en valorar un determinado ítem coa mesma puntuación (baixa ou alta indistintamente), o desvío padrón sería cero, e o grao de acordo sería máximo. Pola contra, se a metade destas considerase ese ítem de máxima dificultade e a outra metade de mínima dificultade (máximo desacordo), o desvío padrón sería igual a dous. De xeito orientativo un desvío padrón menor que 1 indica acordo ou homoxeneidade e maior que 1 desacordo.



02

**ANÁLISE LINGÜÍSTICA E
SOCIOLINGÜÍSTICA DO PROFESORADO
DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

2.1. APRENDIZAXE DA FALA, DA ESCRITA E DA LECTURA

2.1.1. LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR

Se nos fixamos na primeira lingua en que os docentes aprenderon a falar vemos que máis da metade manifestou que o fixo só en castelán, mentres que non chega ao 20 % os que aprenderon a falar unicamente en galego.


A fala é unha destreza vehiculada en castelán para a maioría dos docentes dado que tres de cada catro docentes aprenderon nesta lingua (castelán ou ambas as dúas), porcentaxe que se reduce a un 43,3 % para o galego.

Dos resultados obtidos semella que non hai diferenzas significativas na lingua en que se aprendeu a falar entre homes e mulleres.

Táboa 2.1.1. Lingua en que aprendeu a falar

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	0,7 %	0,6 %
Ambas as dúas	23,7 %	23,8 %	23,8 %
Castelán	49,5 %	56,3 %	52,4 %
Galego	22,2 %	15,9 %	19,5 %
Outra lingua	4,0 %	3,3 %	3,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,614

Gráfico 1.1.1. Primeira lingua aprendida a falar

Analizaremos a continuación os cruces da variable «lingua en que aprendeu a falar» con outras variables independentes, co fin de observar a relación entre a lingua e os distintos subgrupos da mostra.

Táboa 2.1.2. Lingua en que aprendeu a falar segundo o campus

	CAMPUS			
	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total
NS/NC	0,5 %	1,2 %		0,6 %
Ambas as dúas	19,2 %	28,4 %	29,8 %	23,9 %
Castelán	61,0 %	48,1 %	38,1 %	52,4 %
Galego	15,9 %	17,3 %	28,6 %	19,3 %
Outra lingua	3,3 %	4,9 %	3,6 %	3,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,04

Existe un padrón diferente na primeira lingua aprendida a falar segundo os distintos campus da Universidade de Vigo, aínda que en todos eles o castelán é a lingua principal. En Ourense hai unha porcentaxe importante de docentes que aprenderon a falar en galego (58,4 %) unicamente ou conxuntamente co castelán, mentres que en Vigo esta porcentaxe é só do 35,1 % e en Pontevedra é do 45,7 %.

Táboa 2.1.3. Lingua en que aprendeu a falar segundo o ámbito de coñecemento

	ÁMBITO					
	Ciencias	Humanidades	Ciencias Sociais	Tecnoloxía	Ciencias da saúde	Total
NS/NC	1,5 %	1,6 %				0,6 %
Ambas as dúas	25,0 %	13,1 %	26,5 %	29,0 %	17,6 %	23,9 %
Castelán	52,9 %	63,9 %	50,8 %	44,9 %	58,8 %	52,7 %
Galego	19,1 %	13,1 %	21,2 %	21,7 %	11,8 %	19,0 %
Outra lingua	1,5 %	8,2 %	1,5 %	4,3 %	11,8 %	3,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,165

Táboa 2.1.4. Lingua en que aprendeu a falar segundo a idade

	IDADE						
	NS/NC	26-30	31-35	36-45	46-55	>55	Total
NS/NC						2,9 %	0,6 %
Ambas as dúas	0,6 %		50,0 %	37,0 %	17,7 %	11,8 %	23,8 %
Castelán	33,3 %	60,0 %	14,3 %	42,0 %	63,3 %	51,5 %	52,4 %
Galego		40,0 %	21,4 %	19,0 %	14,6 %	30,9 %	19,5 %
Outra lingua			14,3 %	2,0 %	4,4 %	2,9 %	3,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Táboa 2.1.5. Lingua en que aprendeu a falar segundo o lugar de nacemento

	LUGAR DE NACEMENTO			
	Galicia	Resto de España	Outro país	Total
NS/NC		9,1%		0,8%
Ambas as dúas	25,7%	18,2%		23,5%
Castelán	51,8%	68,2%	50,0%	53,1%
Galego	22,1%		6,3%	19,2%
Outra lingua	0,5%	4,5%	43,8%	3,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor- $p=0,000$

Táboa 2.1.6. Lingua en que aprendeu a falar segundo a categoría docente

	CATEGORÍA DOCENTE					
	Catedrático/a de universidade	Titular universitario/Contratado/a de escola universitaria	Contratado/a doutor	Asociado/a	Outro	Total
NS/NC		1,4%				0,6%
Ambas as dúas	7,1%	15,0%	35,9%	26,2%	37,5%	23,8%
Castelán	75,0%	61,2%	44,6%	42,9%	32,5%	52,4%
Galego	17,9%	20,4%	15,2%	26,2%	20,0%	19,5%
Outra lingua		2,0%	4,3%	4,8%	10,0%	3,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor- $p=0,002$

O predominio do castelán é moi importante entre o profesorado dos corpos docentes de funcionarios/as.

2.1.2. LINGUA EN QUE APRENDEU A LER

No cadro seguinte amósanse os resultados obtidos para a variable relativa á lingua en que se aprendeu a ler, do que se observa que a lectura é unha destreza vehiculada en castelán para case o 80 % dos/as docentes, só un de cada seis docentes manifesta que ten aprendido a ler en galego (unicamente ou ambas as dúas).


Táboa 2.1.7. Lingua en que aprendeu a ler

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	0,7 %	0,6 %
Ambas as dúas	12,6 %	18,5 %	15,2 %
Castelán	82,3 %	72,8 %	78,2 %
Galego	0,5 %	2,6 %	1,4 %
Outra lingua	4,0 %	5,3 %	4,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,196

2.1.3. LINGUA EN QUE APRENDEU A ESCRIBIR

O que tiñamos observado para a lectura en galego, agrávase no caso da escritura, xa que menos do 1 % dos/as docentes manifesta que aprendeu nesta lingua unicamente e chega ao 16 % os que aprenderon a escribir en galego ou en ambas as dúas linguas.



Táboa 2.1.8. Lingua en que aprendeu a escribir

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	0,7 %	0,6 %
Ambas as dúas	12,6 %	17,9 %	14,9 %
Castelán	82,3 %	74,2 %	78,8 %
Galego	0,5 %	1,3 %	0,9 %
Outra lingua	4,0 %	6,0 %	4,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,453

A lectura e mais a escritura son destrezas que non presentan tampouco grandes diferenzas en función do sexo dos/as docentes.

2.2. LINGUA HABITUAL E FRECUENCIA DE USO

Diferenciaremos neste estudo, entre lingua habitual e frecuencia de uso da lingua galega; o obxectivo é conseguir unha observación máis precisa da adscrición lingüística de cada persoa enquisada e, por outra parte, obteranse datos sobre a frecuencia de uso con independencia da adscrición lingüística indicada.

2.2.1. LINGUA HABITUAL


Na lingua habitual do profesorado podemos afirmar que existen tres grupos con porcentaxes non moi diferentes entre si: o grupo das persoas castelanfalantes que son aínda maioría (38,4 %), o grupo das que manexan as dúas linguas (33,5 %) e un terceiro grupo de galegofalantes que supera lixeiramente a cuarta parte da mostra.

Por outro lado, obsérvase que máis do 60 % das persoas enquisadas manifestan utilizar habitualmente o galego ou ambas as linguas.

Táboa 2.2.1. Lingua habitual

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %		0,3 %
Ambas as dúas	32,8 %	34,4 %	33,5 %
Castelán	35,9 %	41,7 %	38,4 %
Galego	29,3 %	23,2 %	26,6 %
Outra	1,5 %	0,7 %	1,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,502

Gráfico 2.2.1. Lingua habitual

Táboa 2.2.2. Lingua habitual segundo o campus

	CAMPUS			
	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total
NS/NC		1,2 %		0,3 %
Ambas as dúas	32,4 %	27,2 %	41,7 %	33,4 %
Castelán	45,1 %	33,3 %	28,6 %	38,3 %
Galego	20,9 %	38,3 %	28,6 %	26,8 %
Outra	1,6 %		1,2 %	
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,018

Táboa 2.2.3. Lingua habitual segundo o ámbito de coñecemento

	ÁMBITO					Total
	Ciencias	Humanidades	Ciencias Sociais	Tecnoloxía	Ciencias da saúde	
NS/NC			0,8 %			0,3 %
Ambas as dúas	32,4 %	34,4 %	31,1 %	37,7 %	35,3 %	33,4 %
Castelán	48,5 %	18,0 %	38,6 %	42,0 %	52,9 %	38,3 %
Galego	17,6 %	44,3 %	29,5 %	18,8 %	11,8 %	26,8 %
Outra	1,5 %	3,3 %		1,4 %		1,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,027

Táboa 2.2.4. Lingua habitual segundo a idade

	IDADE						Total
	NS/NC	26-30	31-35	36-45	46-55	>55	
NS/NC			7,1 %				0,3 %
Ambas as dúas		40,0 %	14,3 %	36,0 %	36,1 %	29,4 %	33,5 %
Castelán	66,7 %	60,0 %	21,4 %	41,0 %	39,9 %	30,9 %	38,4 %
Galego	33,3 %		50,0 %	23,0 %	22,2 %	39,7 %	26,6 %
Outra			7,1 %		1,9 %		1,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,01

Táboa 2.2.5. Lingua habitual segundo o lugar de nacemento

	LUGAR DE NACEMENTO			Total
	Galicia	Resto de España	Outro país	
NS/NC	0,5 %			0,4 %
Ambas as dúas	34,7 %	27,3 %	18,8 %	33,1 %
Castelán	32,9 %	68,2 %	50,0 %	36,9 %
Galego	32,0 %	4,5 %	18,8 %	28,8 %
Outra			12,5 %	0,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Táboa 2.2.6. Lingua habitual segundo a categoría docente

	CATEGORÍA DOCENTE					
	Catedrático/a de universidade	Titular universitario/ Contratado/a de escola universitaria	Contratado/a doutor	Asociado/a	Outro	Total
NS/NC			1,1%			0,3%
Ambas as dúas	28,6 %	28,6 %	33,7%	50,0 %	37,5 %	33,5 %
Castelán	57,1%	41,5 %	39,1%	19,0 %	32,5 %	38,4 %
Galego	14,3 %	29,3 %	23,9 %	31,0 %	27,5 %	26,6 %
Outra		0,7%	2,2%		2,5 %	1,1%
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,212$

Outro aspecto analizado é o da lingua habitual dos proxenitores. Nos cadros seguintes podemos analizar a procedencia lingüística dos/as docentes, deste xeito observamos que existen resultados moi semellantes para o galego e o castelán na lingua habitual do pai e da nai, aínda que neste último caso ten certa vantaxe o castelán.

Táboa 2.2.7. Lingua habitual do pai

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC		0,7%	0,3%
Ambas as dúas	11,1%	12,6%	11,7%
Castelán	43,4%	43,0%	43,3%
Galego	41,9%	42,4%	42,1%
Outra lingua	3,5%	1,3%	2,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor- $p=0,541$

Táboa 2.2.8. Lingua habitual da nai

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %		0,3 %
Ambas as dúas	9,1 %	15,2 %	11,7 %
Castelán	49,0 %	42,4 %	46,1 %
Galego	37,9 %	37,1 %	37,5 %
Outra lingua	3,5 %	5,3 %	4,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,292

2.2.2. FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA

Tratamos neste apartado a frecuencia coa que os/as docentes fan uso da lingua galega, iniciando a análise co uso en xeral da lingua galega.


Máis da metade do profesorado manifesta usar polo menos regularmente o galego (54,2 %) e menos do 10 % non o usa nunca.

Obsérvanse diferenzas significativas entre homes e mulleres, de xeito que case o 60 % dos homes manifesta usar, polo menos, regularmente o galego, porcentaxe que se restrinxe a un 47 % para as mulleres.

Táboa 2.2.9. Frecuencia de uso, en xeral, do galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,5 %	4,6 %	2,9 %
Nunca	8,6 %	9,3 %	8,9 %
Ás veces	30,3 %	39,1 %	34,1 %
Regularmente	32,8 %	31,1 %	32,1 %
Sempre	26,8 %	15,9 %	22,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,049

Gráfico 2.2.2. Frecuencia de uso da lingua galega

Táboa 2.2.10. Frecuencia de uso, en xeral, do galego segundo o campus

	CAMPUS			
	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total
NS/NC	3,3 %	1,2 %	3,6 %	2,9 %
Nunca	12,1 %	3,7 %	7,1 %	8,9 %
Ás veces	36,8 %	34,6 %	27,4 %	34,0 %
Regularmente	30,2 %	29,6 %	38,1 %	32,0 %
Sempre	17,6 %	30,9 %	23,8 %	22,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,105$

Táboa 2.2.11. Frecuencia de uso en xeral do galego segundo o ámbito de coñecemento

	ÁMBITO					Total
	Ciencias	Humanidades	Ciencias Sociais	Tecnoloxía	Ciencias da saúde	
NS/NC		3,3 %	1,5 %	5,8 %	5,9 %	2,6 %
Nunca	13,2 %		8,3 %	13,0 %	11,8 %	8,9 %
Ás veces	39,7 %	24,6 %	34,1 %	34,8 %	47,1 %	34,3 %
Regularmente	32,4 %	31,1 %	33,3 %	30,4 %	29,4 %	32,0 %
Sempre	14,7 %	41,0 %	22,7 %	15,9 %	5,9 %	22,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,009$

Táboa 2.2.12. Frecuencia de uso en xeral do galego segundo a idade

	IDADE						Total
	NS/NC	26-30	31-35	36-45	46-55	>55	
NS/NC			7,1%				0,3%
Ambas as dúas		40,0%	14,3%	36,0%	36,1%	29,4%	33,5%
Castelán	66,7%	60,0%	21,4%	41,0%	39,9%	30,9%	38,4%
Galego	33,3%		50,0%	23,0%	22,2%	39,7%	26,6%
Outra			7,1%		1,9%		1,1%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor-p=0,023

Táboa 2.2.13. Frecuencia de uso en xeral do galego segundo o lugar de nacemento

	LUGAR DE NACEMENTO			
	Galicia	Resto de España	Outro país	Total
NS/NC	1,8%			1,5%
Nunca	5,4%	31,8%	37,5%	9,6%
Ás veces	31,1%	36,4%	31,3%	31,5%
Regularmente	36,0%	27,3%	12,5%	33,8%
Sempre	25,7%	4,5%	18,8%	23,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor-p=0,000



Táboa 2.2.14. Frecuencia de uso en xeral do galego segundo a categoría docente

	CATEGORÍA DOCENTE					
	Catedrático/a de universidade	Titular universitario/ Contratado/a de escola universitaria	Contratado doutor/a	Asociado/a	Outro	Total
NS/NC	3,6 %	1,4 %	7,6 %			2,9 %
Nunca	14,3 %	7,5 %	12,0 %	2,4 %	10,0 %	8,9 %
Ás veces	42,9 %	34,0 %	32,6 %	28,6 %	37,5 %	34,1 %
Regularmente	25,0 %	33,3 %	28,3 %	47,6 %	25,0 %	32,1 %
Sempre	14,3 %	23,8 %	19,6 %	21,4 %	27,5 %	22,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,121

Analizamos a continuación a frecuencia de uso da lingua galega con distintos interlocutores/as.

No relativo á frecuencia de uso da lingua galega cos seus proxenitores vemos que baixa moito a porcentaxe dos que manifestan un uso regular. Céntranse os resultados nos grupos de uso «nunca» e «sempre», nos que é máis frecuente o uso «nunca» entre as mulleres e de «sempre» entre os homes.

Táboa 2.2.15. Frecuencia de uso do galego cos seus proxenitores

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	8,6 %	7,3 %	8,0 %
Nunca	31,3 %	37,7 %	34,1 %
Ás veces	13,6 %	19,9 %	16,3 %
Regularmente	8,6 %	6,0 %	7,4 %
Sempre	37,9 %	29,1 %	34,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,201

A situación tamén é desfavorable para o galego na frecuencia de uso cos fillos/as, de xeito que a maior parte dos/as docentes segue a usalo como moito «ás veces» cos seus/súas descendentes.

Táboa 2.2.16. Frecuencia de uso do galego (cos seus fillos/as)

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	15,7 %	29,1 %	21,5 %
Nunca	21,7 %	23,2 %	22,3 %
Ás veces	29,3 %	23,2 %	26,6 %
Regularmente	10,6 %	7,9 %	9,5 %
Sempre	22,7 %	16,6 %	20,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,029$

Semellante situación á observada co uso do galego cos fillos/as é a que atopamos ao analizar a frecuencia coa parella, o castelán é predominante.

Táboa 2.2.17. Frecuencia de uso do galego (coa súa parella)

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	10,1 %	13,2 %	11,5 %
Nunca	32,3 %	31,8 %	32,1 %
Ás veces	21,7 %	21,9 %	21,8 %
Regularmente	9,1 %	7,9 %	8,6 %
Sempre	26,8 %	25,2 %	26,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,916$

Dentro do ámbito das amizades, o galego recupera terreo de xeito que un 48,7 % manifesta que o usa polo menos regularmente, mentres que un 47,3 % manifesta que o usa como moito ás veces, estamos pois ante unha situación dunha partición case por igual en dous grupos con comportamentos lingüísticos diferentes.

Táboa 2.2.18. Frecuencia de uso do galego (coas amizades)

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,5 %	4,6 %	4,0 %
Nunca	10,1 %	15,9 %	12,6 %
Ás veces	34,8 %	34,4 %	34,7 %
Regularmente	29,8 %	29,1 %	29,5 %
Sempre	21,7 %	15,9 %	19,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,397

Semellante situación á descrita no apartado anterior atopámola na frecuencia do uso do galego cos compañeiros e compañeiras.

Táboa 2.2.19. Frecuencia de uso do galego (cos compañeiros/as)

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	3,5 %	2,6 %	3,2 %
Nunca	11,6 %	13,9 %	12,6 %
Ás veces	33,3 %	36,4 %	34,7 %
Regularmente	25,3 %	28,5 %	26,6 %
Sempre	26,3 %	18,5 %	22,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,498


2.3. Coñecemento lingüístico

2.3. COÑECEMENTO LINGÜÍSTICO

2.3.1. GRAO DE DIFICULTADE PARA ENTENDER, ESCRIBIR, LER E FALAR EN GALEGO

Neste apartado imos analizar o grao de desenvolvemento que manifestan os/as docentes con respecto aos catro parámetros competenciais de entendemento, lectura, fala e escritura. Para esta análise as persoas enquisadas tiñan que identificar o nivel de dificultade que experimentan na realización das catro actividades sinaladas. Cómpre indicar que o nivel de dificultade foi avaliado por estas, sen que mediase, por limitacións metodolóxicas obvias, ningún tipo de proba obxectiva ou de avaliación externa.

Gráfico 2.3.1. Grao de dificultade



• Entender

No cadro seguinte observamos que o entendemento do galego é case total para os e as docentes, máis do 90% manifesta que non ten ningunha dificultade para entender o galego.

Táboa 2.3.1. Grao de dificultade para entender o galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC		0,7%	0,3 %
Ningunha	92,4 %	93,4 %	92,8 %
Pouca	4,0 %	3,3 %	3,7 %
Moita	3,5 %	2,6 %	3,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,647

•Falar

No que respecta á dificultade para falar en galego, vemos que un 74 % manifesta ter moita dificultade para falalo, entendendo por moita dificultade que ten problemas serios para desenvolver mensaxes en galego.

Máis de tres de cada catro docentes expresan non ter ningunha dificultade en galego e un 16,6 % ten pouca dificultade, é dicir, presenta unha falta de dominio en determinados aspectos concretos da fala.

Táboa 2.3.2. Grao de dificultade para falar o galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %		0,3 %
Ningunha	74,2 %	77,5 %	75,6 %
Pouca	17,7%	15,2 %	16,6 %
Moita	7,6 %	7,3 %	7,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,753

Táboa 2.3.3. Grao de dificultade para falar o galego segundo o campus

	CAMPUS			
	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total
NS/NC			1,2 %	0,3 %
Ningunha	70,9 %	84,0 %	79,8 %	76,1 %
Pouca	18,1 %	13,6 %	14,3 %	16,1 %
Moita	11,0 %	2,5 %	4,8 %	7,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,06

Táboa 2.3.4. Grao de dificultade para falar o galego segundo o ámbito de coñecemento

	ÁMBITO					Total
	Ciencias	Humanidades	Ciencias Sociais	Tecnoloxía	Ciencias da saúde	
NS/NC		1,6 %				0,3 %
Ningunha	64,7 %	82,0 %	79,5 %	78,3 %	58,8 %	75,8 %
Pouca	23,5 %	11,5 %	15,9 %	10,1 %	35,3 %	16,4 %
Moita	11,8 %	4,9 %	4,5 %	11,6 %	5,9 %	7,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,054

Táboa 2.3.5. Grao de dificultade para falar o galego segundo a idade

	IDADE						Total
	NS/NC	26-30	31-35	36-45	46-55	>55	
NS/NC					0,6 %		0,3 %
Ningunha	33,3 %	60,0 %	85,7 %	85,0 %	69,0 %	77,9 %	75,6 %
Pouca	66,7 %	40,0 %	14,3 %	12,0 %	17,7 %	17,6 %	16,6 %
Moita				3,0 %	12,7 %	4,4 %	7,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,181

Táboa 2.3.6. Grao de dificultade para falar o galego segundo o lugar de nacemento

	LUGAR DE NACEMENTO			Total
	Galicia	Resto de España	Outro país	
NS/NC	0,5 %			0,4 %
Ningunha	84,2 %	40,9 %	37,5 %	77,7 %
Pouca	11,7 %	31,8 %	37,5 %	15,0 %
Moita	3,6 %	27,3 %	25,0 %	6,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Táboa 2.3.7. Grao de dificultade para falar o galego segundo a categoría docente

	CATEGORÍA DOCENTE					
	Catedrático/a de universidade	Titular universitario/ Contratado/a de escola universitaria	Contratado doutor/a	Asociado/a	Outro	Total
NS/NC		0,7%				0,3%
Ningunha	64,3%	72,8%	72,8%	95,2%	80,0%	75,6%
Pouca	28,6%	17,7%	17,4%		20,0%	16,6%
Moita	7,1%	8,8%	9,8%	4,8%		7,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor-p=0,099

• Ler

Con respecto á dificultade para a lectura en galego temos que a maior parte dos/as docentes non manifesta ter dificultades, aínda que os resultados son distintos se nos centramos nas dificultades da escrita, en que case un dez por cento ten moitas dificultades para escribir en galego e un 27,5% manifesta ter pouca dificultade.

Táboa 2.3.8. Grao de dificultade para ler en galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
Ningunha	84,8%	90,7%	87,4%
Pouca	10,1%	6,0%	8,3%
Moita	5,1%	3,3%	4,3%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor-p=0,258

• Escribir

Táboa 2.3.9. Grao de dificultade para escribir en galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	1,3 %	0,9 %
Ningunha	61,1 %	62,9 %	61,9 %
Pouca	28,3 %	26,5 %	27,5 %
Moita	10,1 %	9,3 %	9,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,832

Táboa 2.3.10. Grao de dificultade para escribir en galego segundo o campus

	CAMPUS			
	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total
NS/NC	0,5 %		2,4 %	0,9 %
Ningunha	57,7 %	75,3 %	59,5 %	62,2 %
Pouca	28,0 %	19,8 %	34,5 %	27,7 %
Moita	13,7 %	4,9 %	3,6 %	9,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,007

Táboa 2.3.11. Grao de dificultade para escribir en galego segundo o ámbito de coñecemento

	ÁMBITO					
	Ciencias	Humanidades	Ciencias Sociais	Tecnoloxía	Ciencias da saúde	Total
NS/NC	1,5 %		1,5 %			0,9 %
Ningunha	60,3 %	77,0 %	60,6 %	58,0 %	47,1 %	62,2 %
Pouca	22,1 %	18,0 %	28,8 %	34,8 %	47,1 %	27,7 %
Moita	16,2 %	4,9 %	9,1 %	7,2 %	5,9 %	9,2 %
Pedíuselles ás persoas enquisadas que no caso de ter outra dificultade para falar en galego, indicasen cal era esa dificultade. As respostas obtidas foron sintetizadas nas seguintes:

- Castelanismos.
- Colocación dos pronomes.
- Diferentes modalidades de galego.
- Falta de vocabulario, descoñecemento da gramática.
- É difícil comprender as/os docentes e non temos máis remedio que aceptar as súas condicións, aínda que non entendamos o que falan (no caso dos/as estudantes en que o galego non é a súa lingua).
- Non pensar en galego e non me gusta escribir.
- Non ser de Galicia.
- O galego que estudei na escola e o galego normativo actual presentan moitas diferenzas.
- Os continuos cambios gramaticais na lingua galega fanme dubidar á hora de escribir un texto. Preferencia a escribir en castelán.
- Ter que redactar exames en galego.


Podemos sintetizar os apartados anteriores, mediante o cálculo da media e do desvío padrón dos distintos ítems relativos ás dificultades para comunicarse por escrito en galego. Lembremos que o 1 corresponde á dificultade mínima e o 5 ao nivel máximo.

Táboa 4.3.19. Grao de dificultade para empregar o galego escrito

	Media	Desvío padrón
Descoñecemento da gramática e da ortografía do galego	1,97	1,176
Dúvidas ortográficas	2,26	1,189
Falta de fluidez	1,93	1,249
Descoñecemento do léxico xeral	1,84	1,109
Descoñecemento do léxico específico do seu campo de estudo	2,05	1,177
Outra dificultade	1,43	1,025

4.4.1. LINGUA EMPREGADA NAS CLASES

Case o 20 % do alumnado manifesta usar maioritariamente ou sempre o galego cos compañeiros e compañeiras da clase, un 18,6 % das mulleres e un 22,1 % dos homes. Ademais, hai diferenzas significativas entre o uso do castelán entre homes e mulleres: no caso dos primeiros o uso maioritario é do 46,6 % e sempre en castelán o 28,8 %; mentres que nas mulleres o uso maioritario é do 41,4 %, pero a porcentaxe de mulleres que o usan sempre é tamén moi alto, case o 40 %.



Táboa 4.4.1. Lingua empregada cos compañeiros/as da clase

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,1 %		0,4 %
Maioritariamente castelán	46,6 %	41,4 %	43,5 %
Maioritariamente galego	10,9 %	8,8 %	9,6 %
Outra lingua	0,5 %	0,3 %	0,4 %
Sempre castelán	29,8 %	39,6 %	35,7 %
Sempre galego	11,2 %	9,8 %	10,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,000$

4.4.2. LINGUA EMPREGADA NAS RELACIÓNS ADMINISTRATIVAS COA UNIVERSIDADE

Curiosamente, nas relacións administrativas coa Universidade, o castelán é a lingua principal utilizada polo alumnado (dous de cada tres alumnos só usan o castelán ou fano dun xeito maioritario).

Táboa 4.4.2. Lingua empregada nas relacións administrativas coa Universidade

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,1 %		0,4 %
Maioritariamente castelán	38,0 %	38,3 %	38,1 %
Maioritariamente galego	21,3 %	19,8 %	20,4 %
Outra lingua	0,2 %	0,2 %	0,2 %
Sempre castelán	25,7 %	28,7 %	27,5 %
Sempre galego	13,9 %	13,0 %	13,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,029$

4.4.3. LINGUA EMPREGADA NAS XUNTANZAS E NAS ASEMBLEAS

Nas xuntanzas e asembleas, historicamente espazos de uso do galego como lingua vehicular, o uso do castelán mantén a súa hexemonía, máis do 60 % do alumnado utiliza sempre ou maioritariamente o castelán. Constátase que hai diferenzas significativas entre homes e mulleres, por exemplo, o 35,3 % das mulleres sempre o usa fronte a un 28,5 % dos homes.


Táboa 4.4.3. Lingua empregada nas xuntanzas e asembleas

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	6,1 %	3,6 %	4,6 %
Maioritariamente castelán	38,1 %	36,3 %	37,0 %
Maioritariamente galego	15,4 %	13,7 %	14,4 %
Outra lingua	0,8 %	0,2 %	0,4 %
Sempre castelán	28,5 %	35,3 %	32,6 %
Sempre galego	11,0 %	10,9 %	11,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,011

4.4.4. LINGUA EMPREGADA CUN PROFESOR/A QUE FALA EN GALEGO

A adopción do galego como lingua para relacionarse co profesorado que fala en galego é un aspecto moi salientable, un 73 % do alumnado usa o galego sempre ou maioritariamente nesta situación, o cal pon de manifesto a importancia do uso do galego no profesorado como impulsor da súa utilización entre o alumnado.



Táboa 4.4.4. Lingua empregada cun docente que fala en galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,9 %	0,4 %	0,6 %
Maioritariamente castelán	11,8 %	13,6 %	12,9 %
Maioritariamente galego	26,0 %	28,6 %	27,6 %
Outra lingua	0,3 %	0,1 %	0,2 %
Sempre castelán	13,9 %	13,0 %	13,4 %
Sempre galego	47,1 %	44,3 %	45,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,385$

4.4.5. LINGUA EMPREGADA CUN PROFESOR/A QUE FALA EN CASTELÁN PERO QUE O/A ANIMA A USAR O GALEGO

A porcentaxe observada no apartado anterior baixa significativamente (ata o 47 %) no caso de relacionarse cun profesor/a que fale en castelán, aínda que este o anime a usar o galego.

Táboa 4.4.5. Lingua empregada cun profesor/a que fala en castelán pero que o/a anima a usar o galego

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,7 %	2,0 %	2,3 %
Maioritariamente castelán	27,4 %	31,4 %	29,8 %
Maioritariamente galego	30,9 %	26,1 %	28,0 %
Outra lingua	0,6 %	0,2 %	0,4 %
Sempre castelán	20,2 %	20,7 %	20,5 %
Sempre galego	18,3 %	19,6 %	19,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,149$



4.4.6. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS APUNTAMENTOS NA CLASE

O dominio do castelán é abraiante á hora de redactar os apuntamentos na clase, só algo máis do 20 % do alumnado manifesta usar o galego sempre ou maioritariamente. Resultados moi semellantes obtéñense tamén cando se analiza a lingua empregada na redacción dos exames e na realización dos traballos do curso.

Táboa 4.4.6. Lingua empregada para redactar os apuntamentos na clase

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,6 %	0,3 %	0,8 %
Maioritariamente castelán	38,9 %	39,0 %	39,0 %
Maioritariamente galego	13,4 %	13,0 %	13,2 %
Outra lingua	0,8 %	1,5 %	1,2 %
Sempre castelán	38,1 %	39,2 %	38,8 %
Sempre galego	7,2 %	6,9 %	7,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,107



4.4.7. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS EXAMES

Táboa 4.4.7. Lingua empregada para redactar os exames

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,6 %	0,5 %	0,9 %
Maioritariamente castelán	41,7 %	42,9 %	42,4 %
Maioritariamente galego	15,6 %	15,5 %	15,5 %
Outra lingua	0,5 %	1,4 %	1,0 %
Sempre castelán	33,5 %	33,9 %	33,7 %
Sempre galego	7,1 %	5,9 %	6,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,038$

4.4.8. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS TRABALLOS DE CURSO

Táboa 4.4.8. Lingua empregada para redactar os traballos de curso

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,9 %	0,7 %	1,2 %
Maioritariamente castelán	43,1 %	45,2 %	44,4 %
Maioritariamente galego	13,1 %	14,6 %	14,0 %
Outra lingua	0,3 %	1,5 %	1,0 %
Sempre castelán	35,7 %	33,1 %	34,2 %
Sempre galego	5,8 %	4,8 %	5,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,038$

4.4.9. LINGUA EMPREGADA PARA REDACTAR OS CORREOS ELECTRÓNICOS DIRIXIDOS AO/Á DOCENTE

Mellora algo a situación con respecto aos apartados anteriores se consideramos a lingua empregada para redactar correos electrónicos destinados ao profesorado. Un 26,3 % manifesta usar sempre ou maioritariamente o galego.

Táboa 4.4.9. Lingua empregada para redactar os correos electrónicos dirixidos ao/á

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,7 %	0,2 %	0,8 %
Mayoritariamente castelán	40,6 %	38,9 %	39,6 %
Mayoritariamente galego	14,8 %	16,2 %	15,6 %
Outra lingua	0,3 %	0,8 %	0,6 %
Sempre castelán	32,3 %	32,8 %	32,6 %
Sempre galego	10,2 %	11,0 %	10,7 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,019

4.5.1. OPINIÓN SOBRE O AXEITADO CON RESPECTO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS

O galego só é usado nos dispositivos electrónicos polo 22,4 % do alumnado e, ademais, só un de cada catro estudantes o utiliza nas redes sociais, o que indica un moi baixo nivel de penetración da nosa lingua no mundo das novas tecnoloxías.

Táboa 4.5.1. O galego é a lingua seleccionada para os seus dispositivos electrónicos que usa a diario (smartphone, tableta, ordenadores etc.)

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,1 %	0,2 %	0,6 %
Non	75,9 %	77,7 %	77,0 %
Si	23,0 %	22,1 %	22,4 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,060$

Táboa 4.5.2. Utilización da versión galega das redes sociais nas que participa habitualmente

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,7 %	0,4 %	0,9 %
Non	72,1 %	74,4 %	73,5 %
Si	26,1 %	25,1 %	25,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,025$

O alumnado da Universidade de Vigo maioritariamente (69,2 %) non coñece o tradutor propio da institución e case a metade dos que o coñecen manifestan que non o teñen usado.



Táboa 4.5.3. Coñecemento do tradutor da Universidade de Vigo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,8 %	0,3 %	0,5 %
Non	70,2 %	68,5 %	69,2 %
Si	29,0 %	31,2 %	30,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %


Proba xi cadrado: valor-p=0,287

Táboa 4.5.4. En caso afirmativo, usouno algunha vez?

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,1 %	0,7 %	0,8 %
Non	48,9 %	42,4 %	44,9 %
Si	50,0 %	56,9 %	54,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,317

Aínda que o alumnado parece pouco disposto a usar o galego no eido das novas tecnoloxías, si que considera que as TIC na nosa lingua son indispensables para consolidala; cómpre pois adoptar medidas de desenvolvemento das ferramentas informáticas necesarias, así como levar a cabo actividades de promoción do seu uso.



Táboa 4.5.5. Opinión sobre que as TIC en galego son indispensables para consolidar a lingua galega

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,8 %	2,4 %	2,6 %
Non	23,8 %	18,2 %	20,4 %
Si	73,4 %	79,4 %	77,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,020$

4.5.2. PARTICIPACIÓN EN CURSOS DE LINGUA GALEGA ORGANIZADOS POLA UNIVERSIDADE

A inmensa maioría do alumnado non participou en cursos de lingua galega organizados pola Universidade, pero o pouco que si os fixo avaliounos maioritariamente dun xeito satisfactorio ou moi satisfactorio.

Táboa 4.5.6. Opinión sobre que as TIC en galego son indispensables para consolidar a lingua galega

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	0,1 %	0,3 %
Non	93,9 %	93,7 %	93,8 %
Si	5,7 %	6,2 %	6,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor- $p=0,330$

Táboa 4.5.7. Se contestou afirmativamente, como avalía o(s) curso(s) realizado(s)?

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC		1,7%	1,1%
Nada satisfactorio(s)	2,8%	1,7%	2,1%
Pouco satisfactorio(s)	8,3%	6,8%	7,4%
Satisfactorio(s)	72,2%	66,1%	68,4%
Moi satisfactorio(s)	16,7%	23,7%	21,1%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor-p=0,834


4.5.3. COÑECEMENTO DA EXISTENCIA DO REGULAMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

A inmensa maioría do alumnado non sabe da existencia do Regulamento do uso da lingua galega na Universidade de Vigo, descoñecemento que é maior no caso das mulleres.

Táboa 4.5.8. Coñecemento da existencia do Regulamento do uso da lingua galega na Universidade de Vigo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,6%	1,1%	1,3%
Non	76,2%	82,0%	79,7%
Si	22,2%	16,9%	19,0%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

Proba xi cadrado: valor-p=0,018



4.5.4. OPINIÓN SOBRE O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA

A metade do alumnado considera que o grao de uso da lingua galega na Universidade é o adecuado, unha porcentaxe semellante considérase insuficiente e unha porcentaxe moi pequena excesivo. Situación similar atopamos cando se lles pregunta polo uso do galego no seu centro e na docencia, aínda que neste último ítem obsérvase unha porcentaxe maior dos que consideran insuficiente o uso do galego (51,8 %)

Táboa 4.5.9. Opinión sobre o grao de uso, en xeral, da lingua galega na Universidade de Vigo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,3 %	0,4 %	0,8 %
Insuficiente	45,0 %	48,9 %	47,4 %
Adecuado	49,9 %	49,3 %	49,6 %
Excesivo	3,8 %	1,4 %	2,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,003

Táboa 4.5.10. Opinión sobre o grao de uso da lingua galega no seu centro

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,4 %	1,1 %	1,2 %
Insuficiente	46,6 %	49,4 %	48,3 %
Adecuado	48,8 %	48,4 %	48,5 %
Excesivo	3,1 %	1,2 %	2,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,032

Táboa 4.5.11. Opinión sobre o grao de uso da lingua galega na docencia

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,9 %	0,9 %	1,3 %
Insuficiente	50,9 %	52,4 %	51,8 %
Adecuado	42,5 %	44,6 %	43,8 %
Excesivo	4,7 %	2,1 %	3,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,010

4.5.5. OPINIÓN SOBRE A NECESIDADE DE ACTIVIDADES PARA FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VIGO (AULAS, RÓTULOS, CARTELARÍA ETC.)

Tres de cada catro alumnos/as están a prol de fomentar o uso da lingua galega na Universidade de Vigo, porcentaxe superior entre as mulleres (79,7 %) que os homes.

Táboa 4.5.12. Opinión sobre a necesidade de actividades para fomentar o uso da lingua galega na Universidade de Vigo (aulas, rótulos, cartelaría etc.)

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	2,0 %	1,2 %	1,5 %
Non	31,3 %	19,1 %	24,0 %
Si	66,6 %	79,7 %	74,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

4.5.6. LINGUA PREFERIDA PARA QUE SE IMPARTAN AS CLASES

Tras preguntarlle ao alumnado sobre a lingua preferida para a impartición das clases observamos que as porcentaxes son bastante similares entre os que prefiren que se impartan en castelán (47,4 %) e os que prefiren que sexan impartidas en galego (41,3 %)

Táboa 4.5.13. Lingua preferida para que se impartan as clases

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	6,9 %	5,9 %	6,3 %
En castelán	45,8 %	48,5 %	47,4 %
En galego	41,4 %	41,2 %	41,3 %
Outras	5,8 %	4,4 %	5,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,433

4.6. CONSIDERACIÓN DE SER AXEITADO DENDE O SEU PUNTO DE VISTA

Case o 70 % do alumnado está en desacordo coa expresión de que para falar mal o galego é mellor non falalo, as porcentaxes obtidas neste ítem son moi semellantes se a cuestión proposta é a mesma pero referida ao idioma inglés. O alumnado tamén ten unha apreciación positiva sobre a nosa lingua, cando expresa maioritariamente que considera que o galego é unha lingua axeitada para a investigación científica.

Por outra parte, hai unha disparidade de opinións cando se lles formula se debe usarse o galego cando hai persoas de fóra ou descoñecidas.

O 13,5 % do alumnado pensa que o galego é unha lingua coloquial ou familiar, un 7,2 % pensa que o galego se mantén grazas ás subvencións, o 8,6 % considera que é unha lingua imposta e o 13 % pensa que é unha lingua inventada.

Táboa 4.6.1. Para falar mal o galego é mellor non falalo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,6 %	0,4 %	0,5 %
Totalmente en desacordo	33,9 %	42,7 %	39,2 %
Bastante en desacordo	29,1 %	31,1 %	30,3 %
Indiferente	20,6 %	14,7 %	17,1 %
Bastante de acordo	9,3 %	8,5 %	8,8 %
Totalmente de acordo	6,5 %	2,5 %	4,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Táboa 4.6.2. O galego non é un idioma axeitado para a investigación científica

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,5 %	0,5 %	0,5 %
Totalmente en desacordo	55,9 %	68,0 %	63,2 %
Bastante en desacordo	18,1 %	14,6 %	16,0 %
Indiferente	14,2 %	10,0 %	11,7 %
Bastante de acordo	5,5 %	2,1 %	3,5 %
Totalmente de acordo	5,8 %	4,7 %	5,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

+

Táboa 4.6.3. O galego non se debe usar cando hai persoas de orixe foránea ou descoñecidas

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,8 %	0,8 %	0,8 %
Totalmente en desacordo	16,5 %	16,9 %	16,8 %
Bastante en desacordo	18,9 %	23,9 %	21,9 %
Indiferente	23,9 %	20,5 %	21,9 %
Bastante de acordo	26,5 %	27,0 %	26,8 %
Totalmente de acordo	13,4 %	10,8 %	11,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,129

Táboa 4.6.4. Para falar mal o inglés é mellor non falalo

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,4 %	1,1 %	1,2 %
Totalmente en desacordo	34,6 %	43,2 %	39,8 %
Bastante en desacordo	31,2 %	31,9 %	31,6 %
Indiferente	19,1 %	14,5 %	16,3 %
Bastante de acordo	9,3 %	7,4 %	8,1 %
Totalmente de acordo	4,4 %	2,0 %	3,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,001

Táboa 4.6.5. O galego soa mal na xente que se bota a falalo por primeira vez

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,4 %	0,7 %	1,0 %
Totalmente en desacordo	29,0 %	45,6 %	39,0 %
Bastante en desacordo	22,8 %	22,5 %	22,6 %
Indiferente	31,7 %	22,9 %	26,4 %
Bastante de acordo	10,7 %	6,9 %	8,4 %
Totalmente de acordo	4,4 %	1,3 %	2,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Táboa 4.6.6. O galego é unha lingua coloquial e familiar

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	0,9 %	0,4 %	0,6 %
Totalmente en desacordo	44,1 %	55,8 %	51,1 %
Bastante en desacordo	19,5 %	16,4 %	17,7 %
Indiferente	21,1 %	14,5 %	17,2 %
Bastante de acordo	10,4 %	9,7 %	10,0 %
Totalmente de acordo	3,9 %	3,2 %	3,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

+

Táboa 4.6.7. O galego mantense grazas ás subvencións

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,6 %	1,4 %	1,5 %
Totalmente en desacordo	41,3 %	53,4 %	48,5 %
Bastante en desacordo	24,1%	20,1%	21,7%
Indiferente	23,6 %	19,5 %	21,1%
Bastante de acordo	6,9 %	4,4 %	5,4 %
Totalmente de acordo	2,5 %	1,3 %	1,8 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Táboa 4.6.8. O galego é un obstáculo para aprender outras linguas

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,1%	0,5 %	0,8 %
Totalmente en desacordo	71,0 %	83,5 %	78,5 %
Bastante en desacordo	13,2 %	8,8 %	10,6 %
Indiferente	10,4 %	5,7 %	7,6 %
Bastante de acordo	2,0 %	0,9 %	1,4 %
Totalmente de acordo	2,2 %	0,5 %	1,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Táboa 4.6.9. O galego é, dalgún xeito, unha lingua imposta, como o foi antes o castelán

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,1 %	0,6 %	0,8 %
Totalmente en desacordo	54,6 %	67,1 %	62,1 %
Bastante en desacordo	19,1 %	16,0 %	17,2 %
Indiferente	13,1 %	10,0 %	11,2 %
Bastante de acordo	9,0 %	4,7 %	6,4 %
Totalmente de acordo	3,1 %	1,6 %	2,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000

Táboa 4.6.10. O galego normativo é unha lingua inventada

	SEXO		
	Home	Muller	Total
NS/NC	1,6 %	0,4 %	0,9 %
Totalmente en desacordo	41,1 %	55,4 %	49,7 %
Bastante en desacordo	19,7 %	17,2 %	18,2 %
Indiferente	20,5 %	16,6 %	18,2 %
Bastante de acordo	10,6 %	7,2 %	8,5 %
Totalmente de acordo	6,6 %	3,2 %	4,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Proba xi cadrado: valor-p=0,000





05

COMPARACIÓN COA ENQUISA
SOCIOLINGÜÍSTICA
REALIZADA EN 1996

Neste cuestionario mantivéronse algunhas preguntas do anterior utilizado no estudo sociolingüístico feito na Universidade de Vigo no ano 1996. Os vinte anos transcorridos son un período longo dabondo para detectar cambios importantes, especialmente polos efectos da introdución do galego no sistema educativo, do emprego do galego na administración pública, ou do uso do galego nalgúns medios de comunicación, pero tamén polos efectos das políticas a prol do galego da propia Universidade de Vigo.

5.1. PROFESORADO

No galego como primeira lingua, en que se aprendeu a falar, ler ou escribir, o profesorado da Universidade de Vigo aumentou considerablemente: a porcentaxe dos/as que aprenderon a falar en galego duplicouse (10,1 % a 19,5 %) e reduciuse un 17,4 % a porcentaxe dos/as que aprenderon a falar só en castelán. A diferenza é igualmente notable na lectura, que pasou de 2,8 % a 16,6 % para os/as que aprenderon en galego e na escritura, que pasou de 2,8 % a 15,8 %.

Táboa 5.1.1. Lingua en que aprendeu a falar, ler e escribir

	FALAR		LER		ESCRIBIR	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	1,0 %	0,6 %	1,3 %	0,6 %	1,0 %	0,6 %
Ambas as dúas	17,9 %	23,8 %	4,8 %	15,2 %	2,8 %	14,9 %
Castelán	69,8 %	52,4 %	93,2 %	78,2 %	95,5 %	78,8 %
Galego	10,1 %	19,5 %	0,0 %	1,4 %	0,0 %	0,9 %
Outra lingua	1,3 %	3,7 %	0,8 %	4,6 %	0,8 %	4,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Na lingua habitual a diferenza é aínda maior: o castelán como lingua exclusiva baixou un 27,1 % fronte ao uso do galego ou ambas as dúas, aínda que se mantén como a opción con maior porcentaxe.


Táboa 5.1.2. Lingua habitual

	HOME		MULLER		TOTAL	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	0,4 %	0,5 %	0,7 %		0,8 %	0,3 %
Ambas as dúas	23,4 %	32,8 %	17,9 %	34,4 %	21,3 %	33,5 %
Castelán	59,8 %	35,9 %	76,1 %	41,7 %	65,5 %	38,4 %
Galego	16,0 %	29,3 %	5,2 %	23,2 %	12,1 %	26,6 %
Outra	0,4 %	1,5 %		0,7 %	0,3 %	1,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Nos vinte anos transcorridos aumentou máis dun 15 % a proporción de proxenitores dos membros do profesorado que falan habitualmente galego. Tamén aumentou significativamente (preto do 30 % de incremento) a proporción do profesorado que emprega o galego sempre ou regularmente. O incremento aparece tamén no uso do galego con distintos interlocutores/as.

Táboa 5.1.3. Lingua habitual dos proxenitores

	PAI		NAI	
	1996	2017	1996	2017
NS/NC	1,0 %	0,3 %	1,0 %	0,3 %
Ambas as dúas	17,6 %	11,7 %	19,1 %	11,7 %
Castelán	57,2 %	43,3 %	56,2 %	46,1 %
Galego	23,2 %	42,1 %	22,1 %	37,5 %
Outra	1,0 %	2,6 %	1,5 %	4,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %




Táboa 5.1.4. Frecuencia de uso, en xeral, do galego

	HOME		MULLER		TOTAL	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	5,5 %	1,5 %	9,0 %	4,6 %	7,3 %	2,9 %
Nunca	19,6 %	8,6 %	34,3 %	9,3 %	24,7 %	8,9 %
Ás veces	41,6 %	30,3 %	44,0 %	39,1 %	42,1 %	34,1 %
Regularmente	22,4 %	32,8 %	9,7 %	31,1 %	17,9 %	32,1 %
Sempre	11,8 %	26,8 %	3,0 %	15,9 %	8,1 %	22,1 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Táboa 5.1.5. Frecuencia de uso do galego con distintos interlocutores/as

	PROXENITORES		FILLOS/AS		PARELLA		AMIZADES	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	16,9 %	8,0 %	47,6 %	21,5 %	24,2 %	11,5 %	10,3 %	4,0 %
Nunca	42,6 %	34,1 %	27,2 %	22,3 %	39,3 %	32,1 %	21,9 %	12,6 %
Ás veces	13,4 %	16,3 %	13,4 %	26,6 %	21,2 %	21,8 %	40,6 %	34,7 %
Regularmente	9,6 %	7,4 %	5,3 %	9,5 %	6,5 %	8,6 %	18,9 %	29,5 %
Sempre	17,6 %	34,1 %	6,5 %	20,1 %	8,8 %	26,1 %	8,3 %	19,2 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

No que se refire ao grao de coñecemento do galego por parte do profesorado, aumentou nestes vinte anos de xeito importante a porcentaxe dos que non atopan ningunha dificultade para entender (7,4 %), ler (24,9 %) e especialmente falar (28,7 %) e escribir (37 %) en galego.



Táboa 5.2.5. Frecuencia de uso do galego con distintos interlocutores/as

	PROXENITORES		FILLOS/AS		PARELLA		AMIZADES	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	21,2 %	7,1 %	61,0 %	20,2 %	32,8 %	11,5 %	10,7 %	5,2 %
Nunca	24,7 %	25,8 %	14,7 %	23,0 %	23,9 %	24,6 %	16,6 %	12,7 %
Ás veces	23,2 %	19,8 %	15,4 %	26,2 %	23,9 %	28,2 %	38,6 %	39,3 %
Regularmente	6,2 %	9,1 %	4,6 %	10,7 %	6,2 %	12,3 %	18,1 %	25,0 %
Sempre	24,7 %	38,1 %	4,2 %	19,8 %	13,1 %	23,4 %	6,9 %	17,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

No que tocante ao grao de coñecemento do galego por parte do PAS, aumentou nestes vinte anos de xeito importante a porcentaxe deste colectivo que non atopa ningunha dificultade para entender (12,9 %), ler (20,3 %) e especialmente falar (25,8 %) e escribir (30,1 %) en galego.

Táboa 5.2.6. Grao de dificultade para entender, ler, falar e escribir en galego

	ENTENDER		LER		FALAR		ESCRIBIR	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	1,2 %		2,3 %	0,4 %	1,9 %	0,4 %	2,7 %	
Ningunha	78,4 %	91,3 %	61,4 %	81,7 %	42,5 %	68,3 %	27,8 %	57,9 %
Pouca	19,7 %	5,2 %	32,0 %	13,1 %	42,5 %	22,6 %	50,6 %	33,7 %
Moita	0,8 %	3,6 %	4,2 %	4,8 %	13,1 %	8,7 %	18,9 %	8,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %


É importante o cambio observado no uso da lingua galega en situacións diferentes do traballo do PAS. A opción «sempre castelán» baixa ao contestar ao teléfono (16,8 %), na atención ao público (10,6 %), na redacción de escritos externos (11,4 %) e na redacción de escritos internos (12,2 %), e hoxe son claramente maioritarias as opcións «sempre galego» e «maioritariamente galego».

Táboa 5.2.7. Lingua empregada en diferentes situacións

	CONTESTAR AO TELÉFONO		ATENDER AO PÚBLICO		REDACTAR ESCRITOS EXTERNOS		REDACTAR ESCRITOS INTERNOS	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	2,3 %	0,4 %	4,6 %	0,4 %	5,8 %	1,2 %	4,2 %	0,8 %
Mayoritariamente castelán	38,6 %	25,4 %	42,9 %	27,0 %	17,8 %	23,0 %	17,0 %	11,9 %
Mayoritariamente galego	18,9 %	35,3 %	25,1 %	43,3 %	32,0 %	36,5 %	25,5 %	25,8 %
Outra lingua						0,4 %		
Sempre castelán	25,1 %	8,3 %	16,6 %	6,0 %	16,2 %	4,8 %	15,4 %	3,2 %
Sempre galego	13,9 %	23,8 %	12,8 %	27,2 %	11,6 %	27,2 %	5,8 %	8,6 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

5.3. ALUMNADO

O galego como primeira lingua do alumnado da Universidade de Vigo incrementouse considerablemente: a porcentaxe do alumnos/as que aprenderon a falar nas dúas linguas aumentou (do 28,1 % ao 50,6 %) e reduciuse un 27,2 % a porcentaxe dos/as que aprenderon só en castelán. A diferenza é aínda máis apreciable na lectura, que pasou de 23,4 % a 58,4 % para os/as que aprenderon en ambas as dúas linguas e na escritura, que pasou de 23,5 % a 58,1 %. O colectivo de alumnado, formado na súa totalidade por persoas que naceron despois das reformas educativas que introduciron o galego no ensino oficial, reflicte un cambio máis importante que os do profesorado e PAS.



Táboa 5.3.1. Lingua en que aprendeu a falar, ler e escribir

	FALAR		LER		ESCRIBIR	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	0,2 %	0,9 %	0,2 %	2,0 %	0,4 %	2,1 %
Ambas as dúas	28,1 %	50,6 %	23,4 %	58,4 %	23,5 %	58,1 %
Castelán	59,8 %	32,6 %	73,9 %	31,9 %	73,9 %	32,1 %
Galego	10,6 %	14,7 %	1,3 %	6,2 %	1,1 %	6,2 %
Outra lingua	1,3 %	1,2 %	1,2 %	1,5 %	1,2 %	1,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Na lingua habitual a diferenza non é tan notable como noutros colectivos: o castelán como lingua exclusiva mantén aproximadamente a mesma proporción maioritaria, pero aumenta de 9,9 % a 19,4 % a dos/as estudantes que utilizan só o galego.

Táboa 5.3.2. Lingua habitual

	HOME		MULLER		TOTAL	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	0,3 %	0,5 %	0,2 %	0,2 %	0,2 %	0,3 %
Ambas as dúas	27,8 %	17,8 %	20,9 %	16,3 %	24,2 %	16,9 %
Castelán	58,3 %	60,5 %	72,0 %	65,3 %	65,3 %	63,4 %
Galego	13,3 %	21,3 %	6,7 %	18,2 %	9,9 %	19,4 %
Outra		0,5 %		0,2 %		0,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

No referido á lingua habitual dos proxenitores do alumnado, a situación non cambia do mesmo xeito que o observado nos colectivos do profesorado e do PAS. Aumenta arredor dun 25 % a proporción de pais e nais que falan habitualmente castelán e diminúe, outro tanto, a dos proxenitores que empregan ambas as dúas linguas. En canto ao uso do galego, aumenta un 15 % a proporción dos que utilizan sempre ou regularmente o galego. O incremento aparece tamén no uso do galego con distintos interlocutores/as.

Táboa 5.3.5. Frecuencia de uso do galego con distintos interlocutores/as

	FAMILIA		PARELLA		AMIZADES	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	6,4 %	1,3 %	19,6 %	9,8 %	6,9 %	1,8 %
Nunca	30,2 %	31,3 %	48,7 %	51,6 %	30,5 %	30,9 %
Ás veces	37,1 %	28,6 %	20,1 %	17,3 %	45,1 %	39,5 %
Regularmente	10,7 %	13,3 %	4,0 %	5,7 %	10,9 %	14,6 %
Sempre	15,6 %	25,4 %	7,5 %	15,6 %	6,7 %	13,3 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

En canto ao grao de coñecemento do galego por parte do alumnado, aumentou nestes vinte anos de xeito importante a porcentaxe de estudantes que non atopan ningunha dificultade para entender (incremento de 5,3 %), ler (14,5 %), falar (17,5 %) e especialmente escribir (36,1 %) en galego. No que se refire a escribir, a porcentaxe dos alumnos/as que teñen moita dificultade pasou de 50,9 % en 1996 a 6,9 % en 2017.

Táboa 5.3.6. Grao de dificultade para entender, ler, falar e escribir en galego

	ENTENDER		LER		FALAR		ESCRIBIR	
	1996	2017	1996	2017	1996	2017	1996	2017
NS/NC	0,4 %	0,3 %	0,4 %	0,3 %	0,6 %	0,4 %	0,6 %	0,7 %
Ningunha	83,8 %	89,1 %	71,9 %	86,4 %	52,4 %	69,9 %	38,7 %	74,8 %
Pouca	14,4 %	7,3 %	24,5 %	9,1 %	39,2 %	22,1 %	9,7 %	17,6 %
Moita	1,4 %	3,3 %	3,2 %	4,2 %	7,8 %	7,6 %	50,9 %	6,9 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Tamén é apreciable o cambio observado no uso da lingua galega en diferentes situacións do alumnado. A opción «sempre castelán» baixa no uso cos compañeiros/as de clase (baixa 1,8 %), nas relacións administrativas coa Universidade (9 %), na redacción de apuntamentos (24 %) e na redacción de traballos de curso (31,5 %).

**FALAR GALEGO NON TÉN FUTURO!
COMO QUE NON? FALAREMOS GALEGO!**



06

CONCLUSIÓN

Neste capítulo pretendemos ofrecer unha visión xeral dos aspectos mencionados en maior profundidade nas páxinas e capítulos precedentes, polo que este apartado de conclusións non substitúe, de ningún xeito, as reflexións precedentes, que deben ser tidas en conta para analizar máis devagar as claves socio-lingüísticas da institución universitaria viguesa.

Faremos un resumo dos aspectos que consideramos máis salientables do perfil lingüístico e sociolingüístico de cada un dos tres sectores universitarios, polo tanto, afondaremos nos elementos de análise máis relevantes. Tendo en conta o anterior, poderemos presentar tanto unha radiografía da realidade, coma unha planificación racional e coherente de actividades e accións normalizadoras que poidan incidir nas carencias e desaxustes observados no relativo á aprendizaxe lingüística, aos usos lingüísticos e ás actitudes sobre distintos aspectos.

6.1. PROFESORADO

Entre o profesorado o castelán foi a lingua usada para a aprendizaxe da lectura e da escrita, no 78,2 % e 78,8 % respectivamente (93,2 % e 95,5 % hai vinte anos), mentres que na aprendizaxe da fala atopamos un 52,4 % de docentes que manifestan ter aprendido a falar en castelán (69,8 % en 1996).

A porcentaxe de docentes que usan habitualmente a lingua galega (sempre ou regularmente) é do 54,2 % e só o 8,9 % di que non a usa nunca (26 % e 24,7 % en 1996). De todos os xeitos, segue habendo un predominio do castelán no uso habitual (38,4 % só castelán fronte a 26,6 % só galego, as porcentaxes eran 65,5 % e 12,1 % hai vinte anos).

A utilización do galego no traballo docente ten cambiado moito nas dúas últimas décadas: desde 1996 o profesorado que utiliza só castelán nas clases pasou do 62,5 % ao 22,3 %, na redacción de exames do 69,5 % ao 36,4 % e na elaboración de programas e apuntamentos do 67,5 % ao 26,6 %.

Con respecto ás aptitudes lingüísticas en lingua galega, os parámetros de entendemento e de lectura non producen problemas competenciais para a maioría dos/as docentes. Nos dous aspectos competenciais activos, a escrita e mais a fala, observamos unha maior proporción de docentes con dificultades e dúbidas, en todo caso claramente menores que hai vinte anos. Concretamente, o 9,7 % do profesorado manifesta ter moitas dificultades para escribir en galego (35,8 % en 1996) e o 7,4 % indica ter igual grao de dificultade para falalo (19,9 % en 1996).

As dificultades máis importantes que manifestan os docentes da Universidade de Vigo á hora de expresarse oralmente en galego son a falla de fluidez, que supón un atranco importante para o 25 %, descoñecemento da gramática do galego (19,6 %) e descoñecemento do léxico específico da súa área de traballo (15,8 %).

En canto ao galego escrito, as maiores dificultades son dúbidas ortográficas (23,4 %), así como o descoñecemento da gramática e da ortografía do galego (21,6 %).

O 35,8% do profesorado utiliza a versión galega dos seus dispositivos electrónicos, menos do 30% emprega o galego nas redes sociais e unha ampla maioría coñece o tradutor automático da Universidade que algunha vez utilizou.

A metade do profesorado considera insuficiente o grao de uso da lingua galega na Universidade de Vigo e só un 6% o considera excesivo. Dous de cada tres docentes consideran que esta debe impulsar accións a prol do uso do galego na docencia. Unha ampla maioría considérase capacitados para impartir as clases en galego.

6.2. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Entre o persoal de administración e servizos o castelán foi a lingua predominante para a aprendizaxe da lectura (77,4%) e da escrita (78,2%), porcentaxes en todo caso inferiores aos rexistrados hai vinte anos (91,5% e 91,9%), mentres que na aprendizaxe da fala atopamos un 48,8% que manifesta ter aprendido a falar en castelán (63,7% en 1996).

A porcentaxe de persoal de administración e servizos que usa habitualmente a lingua galega (sempre ou regularmente) é do 52,7% e só o 8,7% di que non usa nunca o galego (32,9% e 13,5% respectivamente en 1996). Segue habendo predominio do castelán no uso habitual (39,7% só castelán fronte a 27% só galego, porcentaxes que eran 51,7% e 14,7% hai vinte anos).

Na utilización do galego no traballo do persoal non docente da Universidade obsérvanse cambios importantes nos últimos vinte anos: desde 1996 o persoal que utiliza sempre ou maioritariamente o galego ao contestar ao teléfono pasou do 34% ao 65,9%, na atención ao público pasou do 35,7% ao 66,7%, e na redacción de escritos internos do 63,3% ao 84,1%. A lingua galega é hoxe claramente predominante no traballo do persoal de administración e servizos.

No tocante ás aptitudes ou capacidades en lingua galega, non semella haber grandes problemas; só o 3,6% do persoal de administración e servizos manifesta ter moita dificultade para entender, 4,8% para ler, 8,7% para falar e 8,3% para escribir (este último era 18,9% en 1996).

A dificultade máis importante que manifesta o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo á hora de expresarse oralmente en galego é, como no profesorado, a falla de fluidez, que supón un atranco importante para o 20,5%.

En canto ao galego escrito, as maiores dificultades son dúbidas ortográficas (dificultade importante para o 16,1%), así como o descoñecemento da gramática e da ortografía (11,1%).

O 37,3% do persoal de administración e servizos utiliza a versión galega dos seus dispositivos electrónicos, menos do 30% emprega o galego nas redes sociais e o 83,7% coñece o tradutor automático da Universidade que algunha vez utilizou.

A metade deste persoal considera insuficiente o grao de uso da lingua galega na Universidade e só un 2 % o considera excesivo. Catro de cada cinco consideran necesarias as actividades para eliminar os prexuízos lingüísticos e fomentar o uso da lingua galega na Universidade de Vigo.

6.3. ALUMNADO

O alumnado da Universidade de Vigo aprendeu maioritariamente a falar, ler e escribir en ambas as dúas linguas (50,6 %, 58,4 % e 58,1 % respectivamente), con máis dun 30 % de incremento con respecto á situación detectada hai vinte anos. Non obstante, segue habendo unha porcentaxe claramente maior (un 25 % máis) dos que aprenderon só en castelán que dos que o fixeron só en galego (a diferenza era moito maior, arredor do 70 %, daquela).

A porcentaxe do alumnado que usa habitualmente a lingua galega (sempre ou regularmente) é do 31,3 % e o 22,2 % di que non usa nunca o galego (26,3 % e 25,4 % respectivamente en 1996). Hai un claro predominio do castelán no uso habitual (63,4 % só castelán fronte a 19,4 % só galego, porcentaxes que eran 65,3 % e 9,9 % hai vinte anos).

Na utilización do galego en diferentes situacións polo alumnado obsérvanse cambios nos últimos vinte anos, aínda que non tan acentuados como nos outros colectivos: desde 1996 os/as que utilizan sempre ou maioritariamente o galego cos compañeiros/as de clase pasou do 11,6 % ao 19,9 %, nas relacións administrativas coa Universidade pasou do 25,7 % ao 33,8 %, na redacción de apuntamentos de 5,3 % a 20,3 % e na redacción de traballos de curso do 5,7 % ao 19,2 %. O castelán segue a ser hoxe claramente predominante no alumnado na súa actividade dentro da Universidade de Vigo.

No que se refire ás súas aptitudes ou capacidades en lingua galega, só o 3,3 % manifesta ter moita dificultade para entender, 4,2 % para ler, 7,6 % para falar e 6,9 % para escribir (esta última porcentaxe era 50,9 % en 1996). Non é a capacidade a que limita o uso.

A dificultade máis importante que manifesta este sector da Universidade de Vigo á hora de expresarse oralmente en galego é, como nos outros dous colectivos, a falla de fluidez, que supón un atranco importante para o 22,1 %.

En canto ao galego escrito, as maiores dificultades que atopa o alumnado son dúbidas ortográficas (dificultade importante para o 15,4 %) e o descoñecemento do léxico específico do seu campo de estudo (12,6 %).

Só o 22,4 % utiliza a versión galega dos seus dispositivos electrónicos, o 25,5 % emprega o galego nas redes sociais e o 30,3 % coñece o tradutor automático da Universidade (é dicir un 50 % menos que o profesorado ou o PAS).

A metade do alumnado considera insuficiente o grao de uso da lingua galega na Universidade e só un 2,3 % o considera excesivo. Tres de cada catro estudantes consideran necesarias as actividades para fomentar o uso da lingua galega na Universidade de Vigo (aulas, rótulos, cartelaría etc.)



ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO
SOBRE O USO DO GALEGO NA UNIVERSIDADE DE VIGO